

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas sobre literatura, editoriais e librerías

Contrato temporal

[09/11/2004 09:40] por [Héitor Mera](#)
Contrato temporal
Beatriz Dacosta Molanes

Francka, Vigo, 2004. 230 páxs., 14 €

Contrato temporal é xa a terceira obra de creación de Beatriz Dacosta. Nun curto periodo de tempo, o que vai dende o ano 2000, ano da publicación do seu primeiro libro, *Cascas de noz*, ata este solpor do ano 2004, irrompeu no escenario da literatura galega como promesa importante para confirmarse como un dos nosos máis importantes estandartes.



O percorrido que vai dende a súa primeira obra de relatos, pasando pola súa primeira novela *-Precipicios-* ata esta última entrega literaria, é unha curva ascendente dun estilo moi marcado que vai evolucionando cara a unha madurez manifesta, pero que conserva sempre, sexan cales sexan os trazos distintivos de cada unha das súas obras, unha esencia estilística que nos lembra inoexorablemente á habelencia literaria da escritora canguesa.

Se na súa primeira obra, *Cascas de noz*, podemos lembrar de xeito entrañable unha primeira incursión literaria marcada por unha frescura lírica e emotiva fundamental en cada un dos relatos con que nos agasallou, *Precipicios* xa é un intento por achegarse ao xénero novelesco cunha historia interesante, cargada de significación social e humana, pero aínda cun estilo e organización da propia novela tendente cara a simplicidade técnica.

Contrato temporal é unha obra totalmente independente na súa xénese ás anteriores, fagamos especial atención no feito de que Beatriz non se repite nos diferentes proxectos que aborda, pero, como é normal ata certo punto, bebe moito das anteriores podéndonos facer unha clasificación clara do que entendemos que é o seu estilo literario ou, cando menos, podemos facer unha breve definición de cales son as principais características da súa poética.

Esta última novela colle moito lirismo de *Cascas de noz*. Salvando as distancias entre unha obra e outra volvemos a atoparnos cunha fervenza lingüística insaciable ao igual que ocorrera no 2000 cos seus relatos, pero que xa non atopamos tan marcada en *Precipicios*. De *Precipicios* quedase, ao noso modo de ver, con dous trazos fundamentais: o abordamento cara a ardua empresa da composición dunha novela coa dificultade estrutural que esta pode dar, e o tema, de marcado estrato social.

Vistos xa os trazos que podemos indentificar como máis ou menos comúns no corpus da súa obra, salientamos en *Contrato temporal* varias innovacións ás que non nos tiña afeitos e que marcan a personalidade da obra en gran medida.

Situada nunha fábrica de coches calquera, nunha cidade calquera que ben puidera ser Vigo, a novela estrutúrase en capítulos moi curtos onde se van expoñendo as diferentes vivencias dos personaxes (de todo tipo) que pululan pola fábrica. Entendida como unha novela de tipo coral, onde os personaxes se caracterizan pola súa despersonalización, a voz narradora é a que nos mete nos seus sentimentos, vivencias e problemas. Así, en troques de darlles nomes ao uso a estes personaxes, prefire asignarlles algún sintagma que sirva para caracterizar algún trazo significativo referido ao seu traballo ou á súa maneira de ser. De feito, e reforzando esta maneira de concebir aos seus personaxes, o que pense que nos atopamos ante unha novela hiperrealista polo feito de estar situada onde está situada e por tratar os problemas que trata, estará totalmente equivocado. Beatriz fai da súa prosa un manancial metafórico que ás veces nos fai posicionarnos nunha lectura máis achegada á degustación poética que á lectura novelística. A brevidade dos capítulos axuda á conquista dunha forza lírica importante, aínda que por veces excesivamente presente.

Concibir a novela do xeito que o fixo Beatriz leva a facela moverse nun terreo que foxe dos convencionalismos narrativos máis evidentes. Esta magnificencia metafórica lévaa, pensamos que por necesidade elemental na xénese mesma da obra, a obviar ou omitir unha trama evidente. A superposición coral das voces dos seus personaxes, o ambiente decadente, falsario e opresor de Fábrica, nunha Cidade sen nada que ofrecer máis que os rudimentos básicos da produción para o posterior consumo, previo paso por unha distribución dos elementos que conforman un círculo vicioso sempiterno é abafante. De feito, todos estes elementos, conforman, sexa cal

sexa o punto de vista do personaxe que esteamos escoitando, unha ambientación tétrica para unha cosmovisión da vida moi desalentadora e apodrecida.

En realidade, Beatriz Dacosta ofrécenos unha peculiar maneira de ver o mundo que nos rodea dende unha perspectiva moi particular, pero que, no fondo, pode levantar sensibilidades en fronte o problema ou axudar a alimentar depresións. Esperemos que a reacción no lector –se é que non cae na indiferenza– sexa sempre a primeira.

[mércao en Andel](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)